

Jimmy Núñez

María Roja



# HUGO

Ser diferentes faíno grandes

Reperto: Jimmy Núñez e María Roja Dramaturxia: Gustavo del Río Música: Daniel Valentín  
Deseño Escenografía: Marimo studio Deseño iluminación: Daniel Pais Axudante de dirección: Sete Eiroa  
Dirección: Gustavo del Río Produce: Os Náufragos Teatro

  
Náufragos

**OS NÁUFRAGOS TEATRO** presenta **HUGO**, un espectáculo con forte componente social, ao que nos ten acostumados a compañía, coa que queren sensibilizar e dar visibilidade ao trastorno do espectro autista (TEA). Dirixida a nenos e nenas a partir de 4 anos, e tamé n para público adulto. **HUGO** fala así de empatía, da necesidade de comunicarnos e da beleza da diferenca, porque ser diferentes fainos grandes.



# QUÉ AMOSA HUGO

Hugo é diferente. Gústalle moito os avións e tamén toca o piano. Laia visita a Hugo cada día. A Laia gústalle falar e as plantas. Hugo ten TEA, trastorno do espectro autista. HUGO fala da empatía, da necesidade de comunicarnos e da beleza da diferenza. Ser diferentes fainos grandes.

HUGO está protagonizada por Jimmy Núñez e María Roja, baixo a dirección e dramaturxia de Gustavo del Río. Marimo Studios asina a escenografía; a iluminación corre por conta de Daniel Pais, e a música orixinal en directo, de Daniel Valentín e axudantía de dirección de Sete Eiroa. Para a escritura do texto, contamos co asesoramento de Asperga -Asociación Galega de Síndrome de Asperger.



# NOS

Os Náufragos fai un traballo que vertebra a creación desde a dramaturxia ata a súa posta en escena. O labor do actor/actriz na creación é o eixo fundamental da nosa proposta, así como a procura de novas linguaxes, próxima ao espectador e á actualidade. Entende o teatro desde o encontro e o diálogo do equipo artístico, vinculado desde hai anos cunha linguaxe común. Unha aposta forte tamén polos creadores galegos.

Os Náufragos nace con raíces fortes, cunha traxectoria consolidada dos seus integrantes e cunha vocación de proximidade co público.

  
Náufragos

## TRAXECTORIA DA COMPAÑÍA INTERESE ARTÍSTICO E CULTURAL

A nosa compañía virou nos últimos anos non só por toda España, senón tamén por países como México, Colombia ou Portugal, nos que realizamos diversos talleres e encontros que tiveron como principais obxectivos, promover o interese por temas de especial incidencia social, xerar debate público, fomentar a capacidade de empatía, promover dinámicas de interacción social enriquecedoras nos devanditos grupos de traballo e outorgar ferramentas comunicativas e creativas que estimulen os recursos

persoais dos participantes, sexan nenos, novos ou persoas adultas. Apostamos e seguimos apostando fortemente polo coñecemento, a formación e a inclusión social, pero non nun sentido meramente divulgativo, senón como ferramentas catalizadoras do cambio social. Para iso, aliámonos en moitos deses talleres e encontros, con colectivos, asociacións ou grupos sociais de referencia na defensa e loita pola inclusión e a igualdade efectiva de todas as persoas, sen discriminacións de ningún tipo por cuestións de xénero, idade, raza ou orientación sexual. Así o fixemos en numerosas ocasións coa nosa montaxe SILENCIADOS, estreado en 2008 e do que levamos case unha década realizando talleres nacionais e internacionais con alumnos e alumnas en perigo de exclusión social por razón da súa identidade ou orientación sexual, así como encontros co público: o último deles, sen ir máis lonxe, o pasado día 10 de decembro 2017, en colaboración co Teatro Colón da Coruña e a Asociación ALAS (Asociación pola Liberdade Afectivo Sexual), con motivo da conmemoración do Día Internacional dos Dereitos Humanos. E exactamente o mesmo, fixemos con outras das nosas pezas, como TOCAR MADEIRA (2011), ao redor da que se organizaron diversas charlas co público da man de colectivos relacionados coa enfermidade mental coñecida como TOC, eixo temático central desta montaxe. Seguimos así un ronsel de compromiso co teatro social que comezou coa nosa primeira montaxe, Os SOÑOS DOS NENOS SILENCIOSOS), e que continuou con montaxes como CICATRICES (proxecto dirixido por Gustavo del Río para a Sala Cuarta Pared baseado na explotación do traballo infantil,




que foi apoiado pola OIT), VAGOS E MALEANTES (centrada en denunciar a represión arbitraria a certos colectivos considerados antisociais), LUMINOSA NOSTALXIA (peza que viraba en torno ao suicidio), ou A BELEZA DO ESCARAVELLO (que denuncia a forte presión social xerada nos nosos días por obter e conservar a beleza física custe o que custe). MOSCA aborda a temática do acoso escolar desde a posición da propia contorna do menor. E cimenta este proxecto artístico e creativo, novamente, na realización de encontros, charlas e campañas de sensibilización na materia dirixidas aos máis novos, os seus familiares e os seus educadores e educadoras. CASTRAPO, fala das raíces, da orixe e da familia mentres que KARELU ten unha temática entorna as masculinidades, a infancia e a violencia familiar. No ámbito da compañía infantil levamos un percorrido similar, A ÁRBORE VERMELLA, última montaxe fala da pobreza infantil, un espectáculo sen palabras que viaxa entre os monicreques de adultos ou nenos. COMENOITES, baseado no albume ilustrado da premiada Ana Juan, xoga cos máis pequenos sobre o día e a noite e a importancia dos mesmos. Outros montaxes da compañía para a infancia son: ÑAM, ÑAM PUM, sobre a resolución de conflitos en idades entre 2 e 3 anos, morder e pegar. A COMER, sobre os hábitos alimenticios, ¿SON INVISIBLE?, sobre os celos que se teñen cando chega un novo membro ó fogar. CARLOTA PIPI CACA, sobre o uso do pañal.

# RIDER TÉCNICO

**Dani Pais**  
Técnico multidisciplinar  
+34 635058326 dani@tronante.es

**Náufragos Teatro - Hugo**  
Plano-Rider xenérico 2021



## Iluminación

- 14 PC 1 Kw
- 1 Recorte 25/50 750W + 1Porta-gobos
- 4 Recprte 15/30 750W
- 2 PAR LED RGBW Silenciosos (≥80W ≥20°)
- 2 Torres de iluminación (burras)
- 4 Soportes de chan (peanas)
- 18 Canles de dimmer 10A

## Son

- P.A. Axustada á sala
- 2 D.I.

## Maquinaria

- Cámara negra
- Chan negro

Tempo de montaxe: 3,5 horas  
Tempo de desmontaxe: 1 hora  
Personal do teatro: 1 técnico de son e iluminación



# HUGO

Ser diferentes fainos grandes

## CONTACTO

**Gustavo del Río**

**639463730**

**Fernando Cayazzo**

**644024149**

**osnaufragosteatro@gmail.com**

**fernandonaufragos@gmail.com**

**Rodrigo A. de Santiago 38 8 Izq.**